

NOCTURNIA

Coruña mutante

*A revista de cultura e ocio de
Nocturnia para a mocidade*
Nº 7 MARZO-XULLO 2018

NAVES DO METROSIDERO

Un espazo para a mocidade

A MAXIA DE TOMAR DECISIÓNS

Mocidade SF, espazo de referencia
xvenil na Sagrada Familia

“A IGUALDADE É IGUALDADE, SEXAS HOME OU MULLER”

Entrevista ao colectivo D-Xenera

A CORUÑA VÍVESE NA RÚA

Cultura urbana e novos deportes na cidade

SIGUE A PISTA DE...

Carolina Iglesias “Percebes y grelos”



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CORUÑA
XUVENTUDE



MINISTERIO DE SANIDAD, SERVICIOS SOCIALES
E IGUALDAD

SECRETARÍA DE ESTADO
DE SERVICIOS SOCIALES
E IGUALDAD
DELEGACIÓN DEL GOBIERNO
PARA EL PLAN NACIONAL SOBRE DROGAS

NOCTURNIA

Coruña mutante

Coruña Mutante xa está aquí! Deixamos atrás uns meses de frío polar e entramos en calor cunha morea de temas que nos demostran que A Coruña é unha cidade próxima e integradora, na que todas e todos podemos falar, propoñer e mesmo decidir, incluso a mocidade. Senón que llo digan ao grupo de rapaces e rapazas de Mocidade SF, o espazo de dinamización xuvenil do barrio da Sagrada Familia. Nas catro paredes da aula o que se fai -ou non-, o cando e o como, resólvese nunha asemblea conducida polas persoas participantes. Se queres saber máis, contámoscho nas nosas páxinas!

Tamén coñecerás o proxecto das Naves do Metrosidero, o primeiro materializado a través dun proceso participativo, que converterá uns edificios abandonados nun lugar de desenvolvemento das inxerencias creativas, produtivas, de investigación e de aprendizaxe da mocidade coruñesa. Ademais, a xestión do espazo será realizada conxuntamente polos usuarios e usuarias, as asociacións, outros colectivos e o Concello. Deste xeito gañamos todos e todas!

Se nos referimos a espazos onde desenvolver actividades atractivas, non podemos esquecer a rúa. A Coruña vai acoller este verán un acontecemento internacional de altura, o festival Street Stunts, no que se amosarán modalidades deportivas e artísticas urbanas de moda. Falamos coa asociación Vella Escola que nos confirma que na cidade herculina se está moi na onda da práctica destas disciplinas.

Este número de *Coruña Mutante* dálles voz a moitas mulleres. Podemos ler as opinións das rapazas integrantes do colectivo D-Xenera, que está a loitar contra a desigualdade de xénero mediante a organización de xornadas, xuntanzas, a utilización das redes sociais...

Toda ferramenta é insuficiente cando se fala de promover o feminismo “que non é máis cá igualdade entre homes e mulleres”, coma elas mesmas sinalan.

Como feminista, e moi orgullosa diso, defínese a rapaza á que lle seguimos a pista esta edición. Ela é Carolina Iglesias, aínda que ao mellor a coñeces como “Percebes y grelos”, o seu nome en Internet. Esta coruñesa está en todos os sitios! En YouTube, na radio, no teatro, na televisión e, por suposto, nas redes sociais. E agora avisa de que tamén a atoparemos nas librerías. Pero que almorza esta muller!

Na revista non pode faltar a programación do tempo de lecer alternativo Nocturnia para os próximos catro meses, así como unha proposta de actividades culturais en salas, museos e teatros da cidade herculina, onde destacan as obras escritas, dirixidas e protagonizadas polo xénero feminino.

Máis nada! Só lembrarche que as redes sociais de Nocturnia e o correo nocturniacoruna@gmail.com están a agardar polas túas achegas para o seguinte número de *Coruña Mutante*. Anímate!

E TI QUE PENSAS?
COMPARTE

#EuSonMutante

NOCTURNIA @Nocturniacoruna nocturniacoruna

UN ESPAZO PARA A MOCIDADE 4-5

MOCIDADE SF: A MAXIA DE TOMAR DECISIÓNS 6

ENTREVISTA A D-XENERA 7

ACTIVIDADES/ CALENDARIO NOCTURNIA 8-11

AXENDA CULTURAL 12

TEATRO EN FEMININO 13

A CORUÑA VÍVESE NA RÚA 14

SEGUIE A PISTA A... CAROLINA IGLESIAS 15

O equipo de *Coruña Mutante* somos:

Edita: Concellaría de Participación e Innovación Democrática do Concello da Coruña - www.coruna.es/participacion

Deseño, maquetación e contidos: The Office Comunicación - www.theofficeco.es

Imprime: Gráficas Mera - www.graficasmera.com

Depósito legal: C-272-2016

UN ESPAZO PARA A MOCIDADE

Coñeces a antiga Comandancia Militar de Obras? É unha parcela que se enmarca entre a rúa Beiramar, a avenida do Metrosidero, o Paseo Marítimo e a hípica da Maestranza. E tamén é o lugar onde se vai levar a cabo o proxecto Naves do Metrosidero, que pretende ofrecerlle á mocidade da Coruña e arredores recursos para o desenvolvemento das súas inqedanzas creativas, produtivas, de investigación e de aprendizaxe. Un espazo cun sistema de xestión plural, que implique tanto as persoas usuarias como a colectivos informais e o propio Concello. Que che parece? Facémolo posible?

Que pensarías se che deran 5.000 metros cadrados e puideras dedicalos a mozas e mozos coma ti na túa cidade? Seguramente refregarías as mans e poñeríaste a pensar en todo aquilo que poderías facer alí: divertirte, aprender, coñecer xente, descubrir novas afeccións, practicar as que xa tes... Pois iso mesmo é o que o Concello da Coruña, a través da Concellaría de Participación e Innovación Democrática, quere crear para ti e toda a mocidade da cidade e os seus arredores no que serán as Naves do Metrosidero.

O proxecto consiste na transformación das actuais instalacións en tres naves diferenciadas en función dos seus diversos usos, como son as prácticas deportivas urbanas, a realización de obradoiros e actividades formativas, actividades de ensaio, investigación, residencia, formación, produción e presentacións de ámbito escénico. Ademais, a proposta tamén contempla a posta a punto dunha serie de espazos exteriores e de convivencia, que contarán, entre outros elementos, con conexión a Internet ou mobiliario móbil.

A iniciativa de recuperar as Naves do Metrosidero para a actividade dinámica e cultural da xuventude xurdiu da escoita da veciñanza e da propia mocidade, que demanda un espazo diverso e inclusivo onde desenvolver coñecemento, actividades e convivencia. E como tal, o seu sistema de xestión tamén ha de ser plural, no que convivan servizos municipais, programas e actividades públicas, un equipo de dinamización propio, así como espazos de autoxestión e actividades organizadas por entidades xuvenís, colectivos informais e a propia mocidade usuaria.

Pero non se trata dun proxecto pechado, nin moito menos... Todo o contrario! Igual que a iniciativa naceu na cidadanía, o seu crecemento tamén dependerá dela. Así, o Concello da Coruña abrirá un proceso participativo no que ti, e o resto da mocidade da Coruña, contará cun folio en branco nas súas mans para deseñar o espazo que quere, que demanda e que necesita.

UNHA XESTIÓN COMPARTIDA

Precisamente a xestión compartida de espazos culturais foi un dos temas que se abordaron nas *I Xornadas de mocidade e participación xuvenil. Descubrir, aprender e construír en comunidade*, que acolleu o Centro Ágora o pasado mes de xaneiro. Diego Garulo foi o relator da mesa de experiencias encargado de tratar a xestión participativa. El é un dos coordinadores municipais da Harinera de Zaragoza, un centro cultural municipal que se converteu nun espazo de

riqueza para o barrio e a cidade grazas a este sistema que involucra e fai participe a veciñanza na toma de decisións. Nas súas palabras: “Estamos moi satisfeitos porque nestes dous anos se xerou unha intelixencia colectiva moi potente, con autonomía para tomar decisións sobre todo o que sucede no espazo, de maneira que é a colectividade a que produce e valida a súa propia cultura”.

O funcionamento é sinxelo: cada participante acode, en condición de individuo, ás primeiras reunións e ofrece as súas opinións, achegas e necesidades. A maxia xorde despois, cando cada mozo ou moza escoita o que consideran os demais e é consciente de que existen outras posibilidades, outros problemas, outras inquietudes... Coa participación activa de todos os individuos e co parecer de cada un deles créase o grupo, que ofrecerá unha opinión conxunta. Desta maneira, en palabras de Garulo, “non se está a inventar nada novo, senón que é como se constrúen as colectividades e o ben común”.

Seguro que estás a visualizar un montón de xente falando á vez, levantando a voz e cabreándose porque non lle fan caso. Este é o perigo cando se xunta moita xente que só busca a individualidade, pero para unha coxestión viable, o único necesario é compromiso ou, como sinala Garulo: “vontade política, vontade cidadá, confianza nas institucións, honestidade por parte de todos e todas e comprensión, porque son procesos que se cocen a lume lento”.

Con esta proposta de xestión entre a mocidade da cidade, asociacións, axentes culturais e o Concello, Naves do Metrosidero pretende ser un espazo no que todas as partes falen de igual a igual para mellorar a oferta cultural e de lecer xuvenil da Coruña “a través do conflito, do debate e da construción conxunta”.

TI DECIDES!

E aínda existen moitas máis cousas que se poden facer para vós, os mozos e mozas da cidade da Coruña. Por iso a Concellaría de Participación e Innovación Democrática abre de novo este segundo trimestre do ano un **proceso de orzamentos participativos**, en que poderás facer achegas para que o Concello invista en mellorar a cidade tamén para ti. Achegas como cales? Por exemplo emprazamentos na rúa para a mocidade como pequenos espazos cunha pérgola ou algún elemento de cuberta, ou lugares para sentarse – bancos baixos, pufs de madeira... – con wi-fi e porto USB para cargar o móbil ou a tableta. Que máis se che ocorre?

Entra na web www.aportaaberta.coruna.es e colabora, porque ti podes construír A Coruña que queres!

QUE DIN AS ASOCIACIÓNS?



Pablo Castiñeira
Asociación Vella Escola



Luís Penín
Agrupación Galicia Rollers



Andrea Quintana
Colectivo RPM



Lucía Fernández
Asociación Xiradoira

Que vos gustaría que acollese Metrosidero? En que vos gustaría que se convertese?
Gustaríanos que fose un espazo aberto (non dividido en seccións ou repartido por disciplinas culturais), é dicir, un espazo multidisciplinar, versátil e adaptado ás necesidades reais das mocidade, que será a responsable de determinar o que precisa para poder desenvolver as súas inquedanzas creativas, artísticas e sociais. En Vella Escola promovemos diferentes prácticas relacionadas coa cultura urbana que, a pesar de continuar a ser un ámbito minoritario dentro da mocidade actual, cremos que debe formar parte de calquera proxecto que vaia dirixido a ela polo seu valor intrínseco de liberdade creativa.

Que papel queredes que teña o tecido asociativo e cultural da cidade na xestión do espazo?
Desde Vella Escola pensamos que o importante é construír desde abaixo cara a arriba. As administracións deben apoiar aqueles proxectos con base sólida e premiar, sobre todo, o compromiso e o traballo como piares fundamentais para xerar un movemento xuvenil sostible, apaixonado, responsable e independente, baseado na calidade. A representación xuvenil é determinante para que este sector da poboación participe activamente nas políticas sociais e xuvenís das cidades. Débese permitir que as mozas e os mozos tomen parte no desenvolvemento e na vida deste tipo de espazos e, deste xeito, os perciban como seus, os coiden e traballen en prol do proxecto. Por outra banda, é imprescindible que existan agrupacións con representantes que defendan os seus propios intereses e os da súa actividade.

Que vos gustaría que acollese Metrosidero? En que vos gustaría que se convertese?
Gustaríanos moito que as naves do Metrosidero fosen un espazo para poder fomentar a práctica dos deportes urbanos. Agora mesmo na Coruña non atopamos instalacións cubertas e públicas destinadas a isto e a demanda está aí.

Que papel queredes que teña o tecido asociativo e cultural da cidade na xestión do espazo?
As asociacións que traballamos coa mocidade na Coruña deberíamos ter un papel activo no funcionamento deste espazo. Cremos que debería xestionarse asembleariamente, de forma que todos os usuarios e usuarias poidan dar a súa opinión e decidir de forma conxunta o seu uso.

Que vos gustaría que acollera Metrosidero? En que vos gustaría que se convertese?
Entendemos Naves do Metrosidero como unha oportunidade de provocar un ecosistema vivo, en constante reformulación. Un colector vivo no que se poida pensar e repensar a súa formulación, un espazo flexible e sensible, que non teña medo ao ensaio-error, cheo de biodiversidades. Un lugar que reflicte e acolla as realidades, inquedanzas e necesidades da cidade de forma plural. Un espazo poroso, que se entenda de fóra a adentro e de dentro cara á fóra, expansivo.


Que papel queredes que teña o tecido asociativo e cultural da cidade na xestión do espazo?
O noso maior desexo é que poidamos entender a diversidade do propio tecido. Un tecido que contén tanto as estruturas máis consolidadas como aquelas máis vivas e orgánicas, que aparecen e desaparecen como colectividades multiformes. A verdade é que é complicado para nós dicir hoxe cal pode ser a mellor forma de xestión pero seguramente pase por unha compartida entre cidadanía e institución coa maior das autonomía para a parte máis independente. Sen dúbida, as mesas de traballo deben axudarnos a construír o mellor modelo para todas. Un modelo -a cabalo entre o vello e o que está por vir- que viva a disposición das necesidades e que non teña medo de reinventarse.

Que vos gustaría que acollera Metrosidero? En que vos gustaría que se convertese?
Como entidade prestadora de servizos á xuventude, vemos na cidade a falta de espazos públicos para que entidades pequenas como a nosa desenvolvan actividades demandadas pola mocidade. O proxecto das Naves do Metrosidero parécenos vital para dar impulso ás iniciativas e ideas que os mozos e mozas teñen pero que, na maioría dos casos por falta de apoios ou recursos, non poden ou non saben realizar. Gustaríanos que fora un espazo vivo, que a mocidade sentira coma propio, non coma prestado, onde se viran escoitados e apoiados nas súas ideas, coa orientación e asesoramento necesarios para levar a cabo as súas ideas. Ás veces esquecemos que é a propia mocidade a que mellor coñece os seus gustos, inquietudes, aficións... e non se teñen en conta á hora de programar actividades dirixidas especificamente a eles, polo que este sería o recurso idóneo para solventar isto e que sexan eles os que constrúan e leven a cabo os seus proxectos.

Que papel queredes que teña o tecido asociativo e cultural da cidade na xestión do espazo?
Parécenos indispensable que nun proxecto coma este o tecido asociativo estea presente facendo propostas, servindo de nexo de unión entre a mocidade e os servizos municipais e como apoio para todos eses mozos e mozas que teñan ideas pero que non saben moi ben como levalas á práctica.

Se falamos de empoderamento da mocidade na Coruña temos que referirnos a Mocidade SF, un proxecto de dinamización xuvenil no barrio da Sagrada Familia que, desde outubro de 2017, pon en marcha un espazo de referencia para as mozas e mozos no que poder gozar, compartir e desenvolver diferentes iniciativas. En definitiva, un lugar onde as persoas que o ocupan son responsables do que alí sucede e se decide facer. Unha utopía? Está claro que non...

MOCIDADE SF: A MAXIA DE TOMAR DECISIONS




Son as 19.00 horas. Estou no Centro Social da Sagrada Familia e Cristina presenta a orde do día, na que o primeiro punto é “atender a redactora de *Coruña Mutante*”. Preséntome, mentres miran para min con curiosidade, e, cando remato, dinme que o pensarán. Continúan a repasar os asuntos da asemblea dos xoves e, cando chega a toma de decisión que nos incumbe, teño que saír. Cristina, Antía e Diego (nomes ficticios) debaten se queren falar comigo ou non. É deste xeito como funciona **Mocidade SF**. Se non se chega a un consenso, non se fai. Esta toma de decisións é unha parte da aprendizaxe da mocidade neste punto de encontro, onde a xuventude do barrio pode realizar actividades do seu interese en grupo.

O que se pretende é que a xente nova interveña na vida do barrio dando resposta ás súas propias capacidades e intereses. Para iso, en Mocidade SF as persoas que participan atopan un espazo onde conseguir información e orientación; onde crear accións positivas para o barrio e onde adquirir ferramentas para que, nun futuro, as iniciativas que propoñen poidan xestionarse por si mesmas. Isto último, que parece tan complexo, trabállase con pequenas accións. **As actividades e as normas sobre o uso do espazo pactanse asembleariamente**, aínda que algunhas delas son pautas básicas de convivencia establecidas polas dinamizadoras. De feito, as persoas asistentes comprométese a respectar o material e os compañeiros e compañeiras. Razoable, non?

GOZAR DA LIBERDADE

As dinamizadoras en lugar de ofrecer actividades o que fan é escoitalrles. Alí a rapazada non só propón, senón que tamén decide. E isto último é o que máis lles gusta aos presentes... Sabémolo porque ao final podemos falar co grupo. Cristina, Antía e Diego decidiron en asemblea que querían



contarnos a súa experiencia, algo que temos que agradecer! “Aquí vimos a divertirnos”, dinos Cristina, quen destaca ademais que en Mocidade SF atopan “liberdade para estar á *nosa bóla*”. O seu compañeiro reafirma as súas palabras e explícanos que: “Aquí non nos poñen normas, mentres nos respectemos todo está ben, e iso é *guar*”.

Diego merenda no centro e pásao ben coas amigas. Antía, pola súa banda, afirma que o que máis lle gusta é a asemblea. Para ela: “*Mola mogollón!*”. “Mandamos sobre nós e decidimos que imos facer: actividades, festas...”, di. A rapazada reconece que isto lles fai máis doado tomar decisións no seu día a día e, así mesmo, tamén teñen máis ganas de fácelo.

As dinamizadoras visitan os centros do barrio, os institutos da zona e explican o proxecto á xente nova, á que agardan de luns a venres, de 16.30 a 20.30 horas, no cuarto andar do Centro Social da Sagrada Familia. Alí ofrécenlle un espazo para transformar no que queiran, coñecer xente nova, convivir e realizar actividades..., pero tamén para facer os deberes, merendar, compartir coñecementos e mesmo facer festas. E pouco a pouco vaíse establecendo unha conexión dos colectivos e axentes do barrio -asociacións, centro cívico, biblioteca...- o que fai aínda máis positivo para toda a vecindade.

Mocidade SF tamén está a disposición, por exemplo, daquelas persoas interesadas en celebrar aniversarios ou practicar bailes, mais sempre a cambio doutra cousa, xa que o funcionamento é por troco: podes usar o espazo se achegas algo. Por exemplo, un grupo de mozos que empregan o local para ensaiar *break dance*, ofrecen a cambio clases de baile urbano os mércores pola tarde.

A entrada é de balde e aberta a toda a mocidade que queira participar de maneira activa polo que, se es da Sagrada Familia, achégate a Mocidade SF, comparte e decide!



Leticia Río Dovao e Sofía Arangüena López

“A IGUALDADE É IGUALDADE, SEXAS HOME OU MULLER”

Sofía, Marta, Estefanía, Helena e Leticia son mulleres, profesionais de distintas áreas, menores de 30 anos, que ao longo da súa vida foron detectando a desigualdade en distintos ámbitos. Algo que fixo clic nas súas cabezas e lles animou a tomar cartas no asunto. Desde hai un tempo forman un grupo informal de mulleres conscientes da necesidade dunha educación en igualdade de xénero, o que propiciou a súa participación no programa “Iniciativa Xove” da Xunta de Galicia. Coa colaboración do Concello da Coruña e da Casa Museo Emilia Pardo Bazán, organizaron en 2017 as xornadas “D-XENERA. Desmontando a desigualdade de xénero”, o comezo dun proxecto que continúa a medrar.

— Como foi a experiencia en D-XENERA. Desmontando a desigualdade de xénero?

Foi unha experiencia marabillosa. Organizamos unha xornada onde queriamos abordar a construción social de xénero, a igualdade e as novas masculinidades coa intención de concienciar e sensibilizar a poboación cara á cuestións presentes no noso día a día e que é importante tratar.

— Nesa xornada detectastes novos obstáculos e desigualdades?

Non constitúe unha novidade, mais si observamos a falta de presenza masculina no tratamento destas cuestións. Orientamos a xornada a homes e mulleres novos, pero vimos que son eles mesmos os que consideran este tema cousa de mulleres, cando en realidade incumbe a toda a sociedade. A igualdade é igualdade, sexas home ou muller, así que todos e todas temos que involucrarnos para cambiar o futuro próximo e o das novas xeracións.

— Sodes mulleres, novas e profesionais. Algo que en ocasións vos converte en parte dun colectivo vulnerable: brecha salarial, teitos de cristal, problemas de conciliación...

Estamos convencidas de que a única forma de combater todo isto é a educación. Hai que educar con perspectiva de xénero os nosos cativos e cativas desde a escola infantil e, aínda que pareza tarde, a moitas persoas adultas. Educar en temas de xénero e igualdade ao funcionariado do Estado e ás persoas que traballan na empresa privada axudaría a sensibilizar cara á estas cuestións e a facer unha grande achega ao cambio social. A mocidade é un colectivo que xa ten dificultades. Ser muller aínda as acentúa. E a vellez empeora a situación. Para mellorar temos que incidir na educación e continuar a loitar pola igualdade.

— Onde están eses detalles, accións, e mesmo normas, que fan que exista a desigualdade?

Os micromachismos están presentes no día a día e, en moitos casos, pasan desapercibidos por mor da súa presenza non cuestionada. Facer distincións á hora de dirixirse a unha muller solteira ou casada co tratamento de “señorita” e “señora” ou que en moitos sitios públicos os cambiadores de bebés estean nos baños de mulleres son bos exemplos deses micromachismos. Cando se detectan, deixan de ser “micro”, e na nosa man está tentar evitalos.

— Viciouse o cualificativo feminista?

Non cremos que o cualificativo feminista estea viciado, o que sucede é que aínda queda moito por cambiar. O importante é que a xente entenda que feminismo non é o antónimo de machismo, senón que é o principio de igualdade dos dereitos das mulleres e dos homes.

— Pode un home ser feminista?

Un home ten que ser feminista! Igual que as mulleres. É certo que aos homes lles pode custar un pouco máis empatizar constantemente coa causa debido a que non sofren discriminacións diarias, mais teñen nais, irmás, amigas, compañeiras de clase, parellas... O único que se pretende co movemento feminista é acadar a igualdade entre os xéneros, que non se fagan diferenzas entre homes e mulleres nas súas vidas profesionais e privadas. Temos os mesmos dereitos e deberes, ou deberíamos. Ademais eles son os que poden favorecer o cambio ao ser as persoas que ostentan o poder, o goberno das institucións, e xestionan os recursos. Necesitamos homes comprometidos que á pregunta de se son feministas non contesten: “Si, pero...”. Aínda son moitos os que cren que un home feminista é menos home; mesmo teñen medo de ser excluídos.

— E cal é o papel da mocidade?

Os mozos e mozas teñen que ler, informarse, intercambiar opinións, debater e falar con sentido crítico. Non ter medo a preguntar, nin a equivocarse... Lograr unha sociedade igualitaria, cando está tan instaurada unha cultura machista, non será dun día para outro. Con todo, con que nos deamos conta e cambiemos a actitude, xa estamos a achegar moito para o cambio. Ademais, ás mozas novas diríamolles que non se preocupen por non ter noivo na adolescencia, xa que non hai que depender de ningún. Hai moita vida por diante, moitas cousas por descubrir e non hai que ter medo a estar “soa”. Aos mozos novos diríamolles que respecten as mozas e as traten como lles gusta ser tratados a eles, que non lles dea medo marcar a diferenza e ser feministas.

— A partir de marzo volvedes á casa Emilia Pardo Bazán cun novo proxecto.

Unha vez ao mes organizaremos un encontro non mixto chamado **Sesións de sororidade, debate e reflexión**. Nel propoñerase un tema e, a partir dunha lectura, vídeo ou convidada especialista na materia, teremos a ocasión de escoitarnos, de conversar e de recoñecernos, xa que todas pasamos por problemas, procesos e situacións moi similares, a pesar das nosas diversas circunstancias persoais e vitais. Estamos convencidas de que falta entendemento e unidade entre nós. Ao patriarcado interésalle máis que nos vexamos e sintamos como rivais, que esteamos illadas...

— Queda moito polo que traballar...

Moitísimo. Aínda que estamos a dar grandes pasos, queda moito por facer mentres sigan a morrer mulleres a mans de homes, continúen a sufrir a violencia machista os fillos e as fillas e existan diferenzas con respecto aos homes só polo feito de ser muller.

CALENDARIO NOCTURNIA

NOCTURNIA É O PROGRAMA DE OCIO PARA A XUVENTUDE DO SERVIZO DE MOCIDADE DA CONCELLARÍA DE PARTICIPACIÓN E INNOVACIÓN DEMOCRÁTICA. ESTE OFRECE UNHA SERIE DE ACTIVIDADES GRATUÍTAS PARA QUE A XENTE NOVA, DE ENTRE 12 E 30 ANOS, AS TEÑA EN CONTA Á HORA DE PLANIFICAR AS SÚAS FINS DE SEMANA.

MARZO 2018

16 MARZO 2018
Inscrición do 12 ao 15 de marzo
ROTEIRO EN FEMININO
21.00 A 23.00 - SAÍDA PRAZA MARÍA PITA
EDUCANDO EN IGUALDADE
21.00 A 23.00 - AGORA
TALLER DE TEATRO, XOGO E IMPROVISACIÓN
21.00 A 23.00 - AGORA
TALLER DE CESTERÍA EN PAPEL
21.00 A 00.00 - AGORA

17 MARZO 2018
Inscrición do 12 ao 15 de marzo
BRAVAS: OBRADOIRO DE ILUSTRACIÓN
19.00 A 23.00 - ESPAZO INICIATIVAS XUVENÍS
RUTA FERVENZA DA TOXA: NATUREZA E CULTURA (SILLEDA)
9.00 A 20.00 - SAÍDA: FÓRUM METROPOLITANO

23 MARZO 2018
Inscrición do 19 ao 22 de marzo
ROTEIRO CIDADE + HISTORIA: O PICASSO CORUÑES
20.30 A 22.30 - INICIO: CASA PICASSO
INICIACIÓN A CALIGRAFÍA
21.00 A 23.00 - ESPAZO INICIATIVAS XUVENÍS
ESTAMPACIÓN CON SELOS
21.00 A 23.00 - ESPAZO INICIATIVAS XUVENÍS

24 MARZO 2018
Inscrición do 19 ao 22 de marzo
OBRADOIRO A MIÑA TOTE BAG
19.00 A 21.00 - CENTRO SOCIAL SAGRADA FAMILIA
FÚTBOL FLAG
20.00 A 22.00 - CENTRO SOCIAL SAGRADA FAMILIA
O CEO NOCTURNO DA CIDADE
21.30 A 23.30 - SAÍDA: ESPAZO INICIATIVAS XUVENÍS

ABRIL 2018

6 ABRIL 2018
Inscrición do 2 ao 5 de abril
ZUMBA EXPERIENCE
22.00 A 23.00 - PAZO DOS DEPORTES DE RIAZOR
INICIACIÓN Á ESGRIMA
21.30 A 23.30 - PAZO DOS DEPORTES DE RIAZOR
OBRADOIROS VERTICAIS E DE PREPARACIÓN FÍSICA
21.00 A 23.00 - PAZO DOS DEPORTES DE RIAZOR

7 ABRIL 2018
Inscrición do 2 ao 5 de abril
TALLER DE DANZAS POLINESIAS
20.30 A 22.30 - ÁGORA
COCIÑA VEGANA
20.30 A 22.30 - ÁGORA
TALLER DE SCRAPBOOKING: CAIXAS EXPLOSIVAS
20.30 A 23.30 - ÁGORA
OBRADOIRO LUCES E SOMBRAS: LIGHTPAINTING
20.30 A 22.30 - ÁGORA

13 ABRIL 2018
Inscrición do 9 ao 12 de abril
ROTEIRO CIDADE + HISTORIA: MULLERES DA CORUÑA
21.00 A 23.00 - SAÍDA: PRAZA DE AZCÁRRAGA
INICIACIÓN AS TÉCNICAS AÉREAS DE CIRCO
21.00 A 23.00 - POLIDEPORTIVO MUNICIPAL

14 ABRIL 2018
Inscrición do 9 ao 12 de abril
INICIACIÓN AO PIRAGÜISMO
16.00 A 18.00 - PRAIA DE OZA
AERÓGRAFO PREHISTÓRICO
20.00 A 22.00 - ÁGORA
INICIACIÓN ÁS ACROBACIAS DE ACCIÓN E TRABALLO DE ESCENA
20.00 A 21.30 - PAZO DOS DEPORTES DE RIAZOR
TALLER DE SUSHI
20.00 A 22.00 - ÁGORA
TORNEO E-SPORT/ CLASH ROYALE
16.00 A 22.00 - ÁGORA

20 ABRIL 2018
Inscrición do 16 ao 19 de abril
APPLÍCATE NA SEDUCCIÓN
19.00 A 21.00 - CENTRO QUÉROTE+
ZUMBA EXPERIENCE
22.00 A 23.00 - PAZO DOS DEPORTES DE RIAZOR
INICIACIÓN Á ESGRIMA
21.30 A 23.30 - PAZO DOS DEPORTES DE RIAZOR
VEN A ESCALAR
21.00 A 23.00 - PAZO DOS DEPORTES DE RIAZOR

21 ABRIL 2018
Inscrición do 16 ao 19 de abril
ROLLER DISCO
20.00 A 23.00 - CENTRO SOCIAL SAGRADA FAMILIA
BAUTISMO DE MAR
16.00 A 18.30 - PRAIA DE OZA
XORNADAS XOGOS DE ESTRATEXIA
17.00 A 22.00 - ESPAZO INICIATIVAS XUVENÍS
ARTE E DANZA CREATIVA
19.00 A 21.00 - ESPAZO INICIATIVAS XUVENÍS

27 ABRIL 2018
Inscrición do 23 ao 26 de abril
ROTEIRO ‘OS RINCÓNS MEDIEVAIS DA CORUÑA’
21.00 A 23.00 - SAÍDA: XARDÍN DE SAN CARLOS
COCIÑA PARA A EMANCIPACIÓN
21.00 A 23.00 - ÁGORA
TALLER DE MICROENCARDENACIÓN
21.00 A 23.00 - ÁGORA
MASTERCLASS: DESMITIFICANDO A INTERPRETACIÓN NO MUNDO AUDIOVISUAL
21.00 A 23.00 - ÁGORA
TORNEOS DE XADREZ
20.30 A 00.00 - ÁGORA

28 ABRIL 2018
Inscrición do 23 ao 26 de abril
RUTA AO MONTE PINDO, OLIMPO CELTA (ÉZARO)
9.00 A 20.00 - SAÍDA FORUM METROPOLITANO
TALLER DE CALIGRAFÍA CON CORES
20.00 A 22.00 - CENTRO SOCIAL SAGRADA FAMILIA
OBRADOIROS VERTICAIS E DE PREPARACIÓN FÍSICA
21.00 A 23.00 - PAZO DOS DEPORTES DE RIAZOR

MAIO 2018

4 MAIO 2018
Inscrición do 30 de abril ao 3 de maio
TALLER DE PARKOUR E STREET WORKOUT
21.00 A 23.00 - ÁGORA
COCIÑA RÁPIDA E SAUDABLE
21.00 A 23.00 - ÁGORA
LET’S DANCE
21.00 A 23.00 - ÁGORA
TALLER DE ENCADERNACIÓN XAPONESA
21.00 A 23.00 - ÁGORA

5 MAIO 2018
Inscrición do 30 de abril ao 3 de maio
RUTA RÍO PEDRAS, POZAS NATURAIS (POBRA DO CARAMIÑAL)
9.00 A 20.00 - SAÍDA: FÓRUM METROPOLITANO
TALLER DE ESTAMPACIÓN GYOTAKU
21.00 A 23.00 - ESPAZO INICIATIVAS XUVENÍS
OBRADOIRO DE MAXIA DE PRETO
21.00 A 23.00 - ESPAZO INICIATIVAS XUVENÍS

11 MAIO 2018
Inscrición do 7 ao 10 de maio
2.000 ANOS DE LUZ: RUTA NOCTURNA Á TORRE DE HÉRCULES
21.00 A 23.00 - CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA TORRE DE HÉRCULES
OBRADOIRO DE KOKEDAMAS
21.00 A 23.00 - ÁGORA
TALLER DE COCIÑA DE TUPPER
21.00 A 23.00 - ÁGORA
3,2,1 IMPRO
21.00 A 23.00 H - ÁGORA

12 MAIO 2018
Inscrición do 7 ao 10 de maio
COÑECER AS VERDURAS DO MAR
10.00 A 13.00 - PRAIA DE SAN AMARO
OBRADOIRO DE MAXIA DE PRETO
21.00 A 23.00 - ESPAZO INICIATIVAS XUVENÍS
TALLER DE ARTESANÍA POLINESIA
21.00 A 23.00 - ESPAZO INICIATIVAS XUVENÍS

1. Bota un ollo a todas as actividades e fíxate nas que sexan para a túa idade. Lembra que son para persoas de 12 a 30 anos, aínda que algunhas poden concretar máis a idade dentro de cada tramo.
2. Mira as datas, os lugares e as horas en que teñen lugar. Fíxate tamén no número de sesións.

3. Se xa sabes a cal ir, inscíbete nos prazos indicados e consulta toda a información do

18 MAIO 2018
Inscrición do 14 ao 17 de maio
COSMÉTICA CON ALGAS
21.00 A 23.00 - ÁGORA
TALLER DE CORPOS E LETRAS
21.00 A 23.00 - ÁGORA
LABORATORIO RÍTMICO
21.00 A 23.00 - ÁGORA
TALLER DE CARICATURAS
21.00 A 23.00 - ÁGORA

19 MAIO 2018
Inscrición do 14 ao 17 de maio
BAUTISMO DE MAR
16.00 A 18.30 - PRAIA DE OZA
OBRADOIRO DE BAILE TRADICIONAL
19.00 A 21.00 - ASOCIACIÓN XACARANDAINA
TALLER OLEIROS DO PASADO
20.30 A 22.30 - CASTELO DE SANTO ANTÓN
ROTEIRO CIDADE E HISTORIA: UN CASTELO CON HISTORIA
21.00 A 23.00 - CASTELO DE SANTO ANTÓN

25 MAIO 2018
Inscrición do 21 ao 24 de maio
OBRADOIRO DE CIRCO
21.00 A 23.00 - ÁGORA
GUERRILLA GRÁFICA DO CORPO
21.00 A 23.00 - ÁGORA
TODO O MUNDO Á MESA
21.00 A 23.00 - ÁGORA
TINGUIDURA DE CAMISETAS
21.00 A 23.00 - ÁGORA
2.000 ANOS DE LUZ: VISITA NOCTURNA Á TORRE DE HÉRCULES
21.00 A 23.00 - CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA TORRE DE HÉRCULES

26 MAIO 2018
Inscrición do 21 ao 24 de maio
BAUTISMO DE MAR
16.00 A 18.30 - PRAIA DE OZA
OBRADOIRO DE PERCUSIÓN TRADICIONAL
19.00 A 21.00 - ASOCIACIÓN XACARANDAINA
OBRADORIO DE DESEÑO E ESTAMPACIÓN
21.00 A 23.00 - CENTRO SOCIAL SAGRADA FAMILIA
INICIACIÓN AO QUIDDITCH
20.00 A 22.00 - CENTRO SOCIAL SAGRADA FAMILIA

XUÑO 2018

1 XUÑO 2018
Inscrición do 28 ao 31 de maio
RUTA NOCTURNA DA AGRA (OZA DOS RÍOS)
20.00 A 00.00 - SAÍDA: FÓRUM METROPOLITANO
ZUMBA EXPERIENCE
21.30 A 22.30 - CENTRO SOCIAL SAGRADA FAMILIA

IOGA TIBETANO E MEDITACIÓN
21.00 A 22.30 - CENTRO SOCIAL SAGRADA FAMILIA
2 XUÑO 2018
Inscrición do 28 ao 31 de maio
A RUTA DO MAR
10.00 A 18.00 - SAÍDA: FÓRUM METROPOLITANO
TALLER DE ESTAMPA COMÚN
20.00 A 22.00 - ÁGORA
A NATUREZA EN CASA: TALLER DE PEQUENOS XARDÍNS CREATIVOS
20.00 A 22.00 - ÁGORA

8 XUÑO 2018
Inscrición do 4 ao 7 de xuño
ROTEIRO CIDADE E HISTORIA: O MONTE DE SAN PEDRO, O GUARDIÁN INVISIBLE
20.00 A 22.00 - MONTE DE SAN PEDRO
CURSO BÁSICO DE FOTOGRAFÍA
19.00 A 23.00 - ESPAZO INICIATIVAS XUVENÍS
TALLER CADERNOS DE VIAXE
21.00 A 23.00 - ESPAZO INICIATIVAS XUVENÍS

9 XUÑO 2018
Inscrición do 4 ao 7 de xuño
IOGA TIBETANO E MEDITACIÓN
21.00 A 23.00 - PAZO DOS DEPORTES DE RIAZOR
ESCOITAR O JAZZ: AUDICIÓN GUIADAS
21.00 A 23.00 - ÁGORA
DESEÑA O TEU CADRO DE ORIGAMI
21.00 A 23.00 - ÁGORA
IMOS Á ROCA: ESCALA AO AIRE LIBRE
9.00 A 19.00 - SAÍDA: FÓRUM METROPOLITANO

15 XUÑO 2018
Inscrición do 11 ao 14 de xuño
TALLER DE BREAK DANCE
21.00 A 23.00 - ÁGORA
TALLER HUMOR XESTUAL
21.00 A 23.00 - ÁGORA
TALLER BISCOITOS TRADICIONAIS
21.00 A 23.00 - ÁGORA

16 XUÑO 2018
Inscrición do 11 ao 14 de xuño
SURF INICIACIÓN
11.00 A 13.00 - PRAIA DE BASTIAGUEIRO
XORNADA XOGOS TABOLEIRO
17.00 A 22.00 - ESPAZO INICIATIVAS XUVENÍS

FEESTYLE SCOOTER DAY
19.00 A 22.00 - FRONTÓN DE RIAZOR
TALLER DE LATAS CREATIVAS
20.00 A 22.00 - ESPAZO INICIATIVAS XUVENÍS

29 XUÑO 2018
Inscrición do 25 ao 28 de xuño
OBRADOIRO DE SLACKLINE
21.00 A 23.00 - ÁGORA

VINYASA IOGA
21.00 A 22.30 - ÁGORA
TALLER COCIÑA THAI
21.00 A 00.00 - ÁGORA
DAMOS UNS TOQUES?
21.00 A 00.00 - ÁGORA

30 XUÑO 2018
Inscrición do 25 ao 28 de xuño
SNORKEL INICIACIÓN
11.00 A 13.00 - PRAIA DE RIAZOR
XORNADA XOGOS DE ROL
17.00 A 21.00 - ESPAZO INICIATIVAS XUVENÍS
OBRADOIRO DE CANTO E PANDEIRETA
19.00 A 21.00 - ASOCIACIÓN XACARNADAINA
INICIACIÓN AO QUIDDITCH
21.00 A 23.00 - CENTRO SOCIAL SAGRADA FAMILIA

XULLO 2018

6 XULLO 2018
Inscrición do 2 ao 5 de xullo
NAVEGACIÓN DIURNA
16.00 A 20.00 - SAÍDA: PORTO DA CORUÑA
NAVEGACIÓN NOCTURNA
21.00 A 1.00 - SAÍDA: PORTO DA CORUÑA

7 XULLO 2018
Inscrición do 2 ao 5 de xullo
RUTA DO VIXÍA DA HERBEIRA E TEIXIDELO, A PRAIA DAS AREAS NEGRAS (CEDEIRA)
9.00 A 20.00 - SAÍDA: FÓRUM METROPOLITANO
PILATES
21.00 A 22.00 - PAZO DOS DEPORTES DE RIAZOR
INICIACIÓN Á ESGRIMA
21.30 A 23.30 - PAZO DOS DEPORTES DE RIAZOR

13 XULLO 2018
Inscrición do 9 ao 12 de xullo
PILATES
22.00 A 23.00 - PAZO DOS DEPORTES DE RIAZOR
BAILES LATINOS
21.00 A 23.00 - PAZO DOS DEPORTES DE RIAZOR
FOTOGRAFÍA NOCTURNA
21.00 A 23.00 - PAZO DOS DEPORTES DE RIAZOR

14 XULLO 2018
Inscrición do 9 ao 12 de xullo
ESPELEOTURISMO NA COVA DO REI CINTOLO
9.00 A 16.00 - SAÍDA: FÓRUM METROPOLITANO
INICIACIÓN AO QUIDDITCH
21.00 A 23.00 H - CENTRO SOCIAL SAGRADA FAMILIA

AXENDA A CORUÑA MARZO-XULLO 2017

Ata o 16 de marzo

Atlántica Centro de Arte

EXPOSICIÓN. NEW GEOMETRIC NETWORKS. MOSTRA DA INVESTIGACIÓN PLÁSTICA DE JOSÉ ANTONIO FRANCO TABOADA

Ata o 18 de marzo

Casa Museo María Pita

EXPOSICIÓN. ‘AMALGAMA’, MOSTRA FOTOGRÁFICA CONXUNTA DO TRABALLO DE ALEX CARRO, LAUGH GONZÁLEZ E DIALAN ROB

Ata o 19 de marzo

Centro Ágora. 22.30 h

CICLO POETAS DI(N)VERSOS. FRANK BÁEZ E LOIS PÉREZ

Ata o 1 de abril

Fundación Luis Seoane

EXPOSICIÓN. ‘EPÍLOGO DE PAISAXE E NUBES’, DE TAMARA FEIJOO

13 de marzo

Teatro Rosalía Castro. 20.00 h

CONCERTO DO CUARTETO ORNATI ORGANIZADO POLA SOCIEDAD FILARMÓNICA DE A CORUÑA

15 de marzo

Centro Ágora. 21.00 h

TEATRO: ‘1879. CASA DE BONECAS’, DE ESTUDO DO MOMENTO

16 de marzo

Coliseum. 17.00 h

GALA FINAL DO XVI FESTIVAL INTERCENTROS

16 de marzo

Teatro Rosalía Castro. 20.30 h

CONCERTO DE SILVIA PENIDE, CON ‘TODO PINTADO DE PLATA’

17 de marzo

Fórum Metropolitano. 21.00 h

TEATRO. ‘FRIDA’, DE IRIS TEATRO

23 e 24 de marzo

Teatro Rosalía Castro. 20.30 h

TEATRO. CICLO PRINCIPAL: ‘NACIDAS LIBRES’, DE CONTRAPRODUCCIÓN, CON TEXTO DE CÁNDIDO PAZÓ E DIRECCIÓN DE CRISTINA DOMÍNGUEZ

24 de marzo

Coliseum. 22.30 h

(apertura de portas ás 20.30 h)

CONCERTO DE FITO & FITIPALDIS (ABRE O CONCERTO MUCHACHITO)

Do 29 ao 31 de marzo

Fórum Metropolitano

CONCURSO — EXPOSICIÓN. ‘CERTAME INTERNACIONAL DE MODELISMO XXI CIM ESCALA 2018’

6 de abril

Fórum Metropolitano. 21.00 h

TEATRO. ‘EMILIA’, DE PRODUCCIONES DEL BARRIO, BAIXO A DIRECCIÓN DE ANNA R. COSTA

6 de abril

Teatro Rosalía Castro. 20.30 h

TEATRO. CICLO PRINCIPAL: ‘A LEITUGA’, DE EME2 EMOCIÓN&ARTE

13 e 14 de abril

Teatro Rosalía Castro. 20.30

TEATRO. CICLO PRINCIPAL: ‘TRAINSPOTTING’, DE TEATRO KAMIKAZE, BAIXO A DIRECCIÓN DE FERNANDO SOTO

4 e 5 de maio

Teatro Rosalía Castro. 20.30 h.

TEATRO. CICLO PRINCIPAL: ‘LA EDAD DE LA IRA’, DE NANDO LÓPEZ POR LA JOVEN COMPAÑÍA

12 de maio

Coliseum. 22.30 h

CONCERTO DE VETUSTA MORLA,

PRESENTACIÓN DE ‘MISMO SITIO, DISTINTO LUGAR’

16 de maio

Coliseum. 22.00 h.

CONCERTO DE ROMEO SANTOS CON ‘GOLDEN TOUR’

18 e 19 de maio

Teatro Rosalía Castro. 20.30 h

TEATRO. CICLO PRINCIPAL: ‘O SERVIDOR DE DOUS AMOS’, DE TALÍA TEATRO

26 de maio

Fórum Metropolitano. 21.00 h

TEATRO. ‘DESCONEXIÓN’, DE XURXO CORTÁZAR, BAIXO A DIRECCIÓN DE SANTIAGO CORTEGOSO

1 e 2 de xuño

Teatro Rosalía Castro. 20.30 h

TEATRO. CICLO PRINCIPAL: ‘CINCO HORAS CON MARIO’, DE SABRE PRODUCCIONES E PENTACIÓN ESPECTÁCULOS, BAIXO A DIRECCIÓN DE JOSEFINA MOLINA

22 de xuño

Coliseum. 22.30 h

(apertura de portas ás 20.30 h)

CONCERTO DE PABLO ALBORÁN, XIRA ‘PROMETO’

29 de xuño

Coliseum. 22.30 h

(apertura de portas ás 21.00 h)

CONCERTO DE RINGO STARR & HIS ALL-STARR BAND

1 de xullo

Coliseum. 21.15

(apertura de portas ás 20.15 h)

CONCERTO DE SHAKIRA, XIRA ‘EL DORADO’

Do 20 ao 22 de xullo

O Parrote

FESTIVAL STREET STUNTS

21 de xullo

Explanada da Marina

PSICOBLOCK MASTERS SERIES

NON PERDAS...

TEATRO EN FEMININO

Este número de *Coruña Mutante* ve a luz en marzo, mes no que se conmemora o Día Internacional da Muller, polo que queremos destacar tres espectáculos “en feminino” que non podes perder nas salas da cidade.

María Zambrano. La palabra danzante. Karlik Danza-Teatro réndelle homenaxe á filósofa española María Zambrano cando se cumpren 25 anos do seu falecemento. Tras case medio século de exilio, España recoñeceu a figura desta gran pensadora outorgándolle en 1981 o Premio Príncipe de Asturias de Comunicación e Humanidades e en 1988 converteuse na primeira muller en recibir o Premio Miguel de Cervantes de Literatura. Karlik Danza Teatro mostra a muller, a pensadora e a creadora a través da palabra danzante, da imaxe, da metáfora e do símbolo, que foi unha das insignias da emerxencia dos logros femininos.

10 de marzo. Teatro Rosalía Castro.

1879. Casa de Bonecas. Nesta peza, considerada por moitos críticos como a primeira obra teatral feminista, Nora Helmer, unha muller nova e cunha vida aparentemente ideal, abandona o seu marido e os seus fillos; todo un escándalo en pleno século XIX. Hoxe, case 140 anos despois, a interrogante que abriu Henrik Ibsen segue sen pecharse: conseguiu realmente a muller a verdadeira igualdade ou segue a ser unha boneca en mans dos homes? O ciclo *Clásicos nunha hora, teatro con valores* achégalle esta reflexión á cidadanía coa adaptación ao galego do texto interpretado por Estudio do Momento. **15 de marzo. Centro Ágora.**

Emilia. Este espectáculo comeza a triloxía “Mujeres que se atreven” no Teatro del Barrio, que ten

como protagonistas mulleres relevantes que loitaron para que a sociedade as recoñecese como iguais. A primeira delas é Emilia Pardo Bazán, que, ao remate do século XX, teima en ser ela mesma, isto é, en conducirse de acordo cos seus desexos e a súa vontade de escribir e de participar na vida pública. A escritora tratou de ingresar na Real Academia Española sen éxito. A súa insistencia valeulle a reprobación de moitos dos seus contemporáneos, incluso despois de conseguir a admiración dalgúns outros. Por encima das polémicas, en *Emilia* destácase a figura dunha muller forte, intelixente e extraordinariamente divertida. Teatro sobre mulleres, escrito, dirixido e interpretado por mulleres. Con interpretación de Pilar Gómez, dramaturxia e dirección de Anna R. Costa e texto de Noelia Adánez. **6 de abril. Fórum Metropolitano.**

E ADEMAIS...

Non podemos deixar de recomendarche **La edad de la ira**. O suposto asasinato cometido por Marcos, un estudante de Bacharelato, constitúe o punto de partida dunha investigación que nos permite internarnos, a través das súas amizades e compañeiros e compañeiras de clase, nos seus medos, soños e inquedanzas. As personaxes adolescentes desta novela, finalista do Premio Nadal 2010, teñen a voz neste retrato realista, e á vez poético, de toda unha xeración. Unha obra adaptada polo propio autor da novela, Nando López, e levada ao escenario por La Joven Compañía, un proxecto teatral conformado por 50 profesionais, de entre 18 e 27 anos, que ten como obxectivo estender o amor polas artes escénicas e a cultura entre a mocidade. **4 e 5 de maio. Teatro Rosalía Castro.**



A CORUÑA VÍVESE NA RÚA

O próximo mes de xullo A Coruña acollerá o festival Street Stunts, un encontro internacional de deporte urbano que reunirá deportistas de máis de 20 países e de disciplinas como o parkour, o crossfit, o combat ou o tricking, ademais de organizarse obradoiros para coñecer as mellor. Un grande evento que demostra que na Coruña interesa a cultura de rúa e os movementos urbanos, presentes na actividade da cidade grazas a asociacións e pequenos clubs que traballan por e para achegalos a toda a cidadanía.

Sabías que os Xogos Olímpicos da Xuventude de Bos Aires 2018 incluírán o *break dance* como deporte e que terá a súa competición oficial con todas as da lei? E que a monopatínaxe ou *skate* será olímpica en Tokio 2020? E decatácheste de que a Federación Internacional de Ximnasia aprobou a creación dunha nova disciplina deportiva inspirada no *parkour* (proba de obstáculos contrarreloxo e estilo libre)? Está claro que o deporte urbano está de actualidade, e A Coruña sábeo e demoítrao!

Durante a fin de semana do 20 ao 22 de xullo, o festival **Street Stunts** acollerá numerosas competicións, tanto a nivel profesional como *amateur*, de diversas modalidades urbanas e, de forma paralela, celebrarase tamén a competición de escalada deportiva **Psicobloc Masters Series**. A zona da Mariña da Coruña converterase no epicentro europeo do deporte e da cultura urbanas e no destino de peregrinaxe de todas aquelas persoas ás que lles interesan as novas formas de expresión na rúa.

Deste xeito, ademais do evento de *psicobloc*, que se celebrará no Parrote o sábado 21, terán lugar torneos de *street stunts style*, actividade extrema de movementos acrobáticos; *speed contest free running*, competición de habilidades en que se realiza unha carreira de obstáculos no menor tempo posible; *slackline*, deporte en que as persoas participantes deben amosar sobre unha corda plana a súa axilidade e equilibrio mediante arriscados movementos; *street polen*, disciplina do baile en barra que require de gran forza e coordinación; *tricking*, deporte que combina saltos, xiros e patadas que toma doutras disciplinas como a *capoeira* ou o *breakdance*; *escalada en bloque*, modalidade consistente en escalar bloques de roca ou pequenas paredes sen os materiais de protección propios da escalada; *street workout* e *calistenia*, disciplinas onde se usa o propio peso corporal mesturado con movementos de tensión e explosión e acrobacias extremas; ou *all style battles*, gran batalla de baile na que se dan cita diversos estilos de danza urbana. Tamén haberá competicións de disciplinas máis coñecidas tales como *breakdance* ou CrossFit.

Vas quedar coa boca aberta vendo estes torneos! Pero se o que máis che interesa é participar ou achegarte á práctica destes deportes e actividades

urbanas non te preocupes porque, en paralelo ás competicións, desenvolveranse numerosas exhibicións e clases maxistras gratuítas para todos os públicos. A oferta completárase coa posta en marcha do Street Boulevard, un espazo temático con numerosos postos de comida ambulantes, accións de animación paralelas ou actuacións, concertos e sesións de DJ's durante todo o festival. Que ganiñas de que chegue!

UNHA CIDADE CON TRADICIÓN

O Street Stunts chega só un ano despois do Festival de Cultura Urbana. Sinte o Flow, unha xornada con obradoiros orientados á mocidade con interese por esta cultura, que se celebrou na Praza dos Mariñeiros e estivo organizada pola área municipal de Mocidade en colaboración coa Asociación Cultural Vella Escola. E é que na Coruña xa existe tradición de manifestacións culturais e artísticas na rúa, tal e como afirma Pablo Castiñeira, director de Vella Escola, asociación que agrupa 22 artistas mozos e mozas que imparten coñecemento e ofrecen a súa experiencia por toda Galicia.

Castiñeira leva máis de 17 anos a bailar *break dance* e fala con paixón do que asegura ser “máis que unha afección”, unha actividade ligada a unha maneira de vivir e entender a vida. Nas súas palabras “os deportes e a arte urbana non se aprenden en academias, senón que son actividades que xorden do propio interese das persoas e se practican coas amizades, non con compañeiros e compañeiras de clase”, o que para el é o máis positivo destas disciplinas: “o feito de ser minoritarias e non reguladas fai que a liberdade, a improvisación e a calidade sexan o segredo do seu éxito”.

Así mesmo, Pablo Castiñeira considera que a cultura urbana medra moito máis rápido ca outras formas tradicionais de ocio xuvenil, coma os deportes de masas -regulados por federacións-, ou disciplinas de danza e música estudadas en conservatorios ou academias. “O seu valor engadido é que estas, malia ser diferentes entre si esteticamente falando, comparten un nexo común moi potente baseado na ausencia de normas rixidas. Isto fai que cobre importancia a orixinalidade e facilita que as persoas ofrezan o seu talento e

creatividade a favor desta cultura, que se desenvolve a ritmo de vertixe en todas as súas manifestacións e chega a todos os sectores da vida, non só ás actividades de ocio e ao tempo de lecer.”

AO TANTO DAS TENDENCIAS

Soa moi ben, verdade? E onde podes atopar xente con interese nesta cultura? En Vella Escola (www.vellaescola.com), por suposto!, pero tamén en distintas agrupacións, sobre todo deportivas, conformadas por persoas “namoradas” da cultura urbana. Se falamos do *parkour*, podes dirixirte á asociación North Element ou á comunidade de Facebook *Parkour Coruña*, onde te poñen en contacto con outra xente que practica esta disciplina na cidade. En canto á patinaxe ou *skate*, Galicia Rollers, a Asociación Coruñesa de Skaters ou o Club de patinaxe en liña Brigantium pódennche ensinar todo o que precisas. Pero, se o que queres é atopar unha comunidade para practicar, Skatepark Northside de Arteixo é a onde debes dirixirte.

Con todo, este ano Vella Escola trae a Nocturnia outras actividades deportivas e artísticas. A primeira delas é o *slackline*, unha disciplina baseada no funambulismo que consiste en camiñar, manter o equilibrio e facer acrobacias sobre unha cinta plana tensada entre dous puntos distanciados uns 15 metros. Trátase dunha práctica procedente do circo cada vez máis presente nos parques das cidades.

Outra proposta que achega esta asociación é a personalización de gorras *trucker*, típicas dos camioneiros americanos dos anos 80. Ao ser moi baratas, terminaron converténdose nunha das insignias das persoas que practican *breakdance* e hip hop. Neste obradoiro plásmanse firmas e mensaxes coa técnica do grafiti, levando a cultura urbana á moda.

E a ti, que che gusta facer na túa cidade? Queres participar en actividades coma estas? Pois non esquezas visitar coruna.gal e consultar a programación de Nocturnia na web e nas redes sociais.



SIGUE A PISTA DE... CAROLINA IGLESIAS

Carolina Iglesias (@percebesygrelos), é unha vella amiga de *Coruña Mutante*. Foi unha das protagonistas do “Club dos -ers” do noso primeiro número. Daquela era “soamente” *youtuber* e aspirante a #ColaboradorUser. Dous anos despois, falamos dunha guionista, locutora de radio, colaboradora de televisión -nada máis e nada menos que de Operación Triunfo!- e presentadora do Facebook Live da alfombra vermella dos Premios Goya. Case nada!

Vive en Madrid e vén á Coruña menos do que lle gustaría. Do que máis morriña ten é do mar e, por suposto, da familia. Cando vén en Festas ou algunha ponte sae coas amizades a pasear polas rúas ou, simplemente, ve *Luar* na casa coa súa nai. Tamén bota de menos a comida, por iso, tras as súas viaxes fugaces, sempre leva para Madrid unha boa empanada da panadería de sempre, filloas da avoa Maru e algún que outro táper...

Pero iso cando ten tempo de vir porque está ata arriba de proxectos. Aínda así, sacou uns minutos para “confesarse” no noso cuestionario mutante. E, onde lle podes seguir a pista? De luns a xoves en *Hora Yutuber* (Vodafone Yu); en Los 40, copresentando con Dani Mateo *Yu: no te pierdas nada*, en *Yutubers* e no seu espectáculo *Que vuelva Fotolog*, xunto a Soy una pringada ... E non te desistes, que este ano nos vai sorprender cun libro!

UNHA CÓMICA OU CÓMICO...
Pilar de Francisco

UNHA ACTUACIÓN MEMORABLE...
A primeira do meu espectáculo *Que vuelva Fotolog*. Ver o teatro cheo e con gana de vernos foi moi bonito

RIR OU FACER RIR?
Facer rir

UNHA PELÍCULA...
Primos

UNHA CANCIÓN...
Pouso, pouso de A Roda

UN PROGRAMA DE TV...
Operación Triunfo (e non é peloteo)

UN MEDIO DE COMUNICACIÓN...
A radio

UNHA REDE SOCIAL...
Twitter

UN ADIANTO TECNOLÓXICO...
A verdade é que son superseñora, pero agora o meu móbil desbloqueáase ao recoñecer a miña cara, e iso paréceme do ano 3058

UN RECUNCHO DA CORUÑA PARA ESCAPAR...
Gústame moito a zona do Castelo de Santo Antón

UN RECUNCHO DA CORUÑA PARA DIVERTIRSE...
A rúa dos viños

UN RECORDO DA INFANCIA...
Cando a miña nai me gravaba *Luar* en VHS e o vía os domingos pola mañá disfrazada de princesa (as miñas *performances*)

UNHA INSPIRACIÓN...
Ultimamente, Moderna de Pueblo e Leticia Dolera roubáronme o corazón

UN DESEXO...
Unha sociedade feminista

UNHA ELECCIÓN CLARA...
A miña condición de feminista

UN SOÑO FEITO REALIDADE...
Coñecer a Chenoa

UN MOMENTAZO...
Entrevistar a Massiel nos Goya deste ano

SE PUIDESES REBOBINAR O TEMPO, CAMBIARÍAS...
Nada! Os erros axúdannos a aprender, así que non me arrepinto de nada. Aínda que fun bastante ridícula, “palante” comigo e coas miñas “cagadas”. Unha vez esquecín o móbil nun taxi e perdino; gustárame rebobinar e metelo no bolso

UN ASUNTO PENDENTE...
Debería sacar o carné de conducir para que o meu pai deixase de dicirme. E para conducir!

SE NON FOSSES GUIONISTA / CÓMICA, SERÍAS...
Encantárame traballar nunha residencia para a terceira idade

QUE SERÁ O PRÓXIMO?
A miña vida este último ano está a ser moi surrealista... Encantárame comentar *Eurovision* en TVE. Lévoa facéndoo dous anos para a web e dar ese salto sería un soño

UN CONSELLO...
Nunca te avergoñes do que sintas, nin de estar triste. As persoas teñen sentimentos e exteriorizalos é o que nos humaniza. E se precisas axuda, pídeala! E vai ao psicólogo ou psicóloga... Supernecesario


ALGUÉN A QUEN MEREZA A PENA SEGUIR A PISTA...
A min Ana Morgade ou Isa Calderón fascínanme. E Ángel Martín é o meu ídolo desde que teño 14 anos



NOCTURNIA

NOCTURNIA

PROGRAMA DE OCIO ALTERNATIVO



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CORUÑA
XUVENTUDE



CORUÑA
PRÓXIMA



MINISTERIO
DE SANIDAD, SERVICIOS SOCIALES
E IGUALDAD

SECRETARÍA DE ESTADO
DE SERVICIOS SOCIALES
E IGUALDAD
DELEGACIÓN DEL GOBIERNO
PARA EL PLAN NACIONAL SOBRE DROGAS